

X Xornadas Científicas e Profesionais de Tremédica (Asociación Internacional de Tradutores y Redactores de Medicina y Ciencias Afines) e a AGPTI (Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación)

<http://www.agpti.org/gl/nova/x-xornadas-cientificas-e-profesionais-de-traducion-medica/>

<http://www.tremedica.org/jornadas-conferencias/Vigo/index.html>

Datas: **3-5 de abril de 2014**

Lugar: Vigo

Sedes: Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo (xoves 3 e venres 4)

Praza das Cantigas, s/n, Campus As Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra)

Fundación Pedro Barrié de la Maza (sábado 5)

Policarpo Sanz, 31, 36202 Vigo (Pontevedra)

Número de participantes esperado: 150 persoas. Ás anteriores xornadas, celebradas en Barcelona no 2012, asistiron 192 persoas.

TREMÉDICA é unha asociación internacional, sen ánimo de lucro, creada en Washington, D. C., en decembro do 2005 como consecuencia directa do crecemento experimentado polo foro de MedTrad. O seu principal obxectivo é levar adiante o legado de calidade e rigor profesional que distinguiu sempre ese foro en todos os países de fala española.

Número de socios de Tremédica: 175 a 13 de xuño do 2013

A **Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI)** é unha asociación sen ánimo de lucro que pretende establecer unha plataforma de traballo conxunto para os profesionais da tradución e da interpretación que traballan en Galicia.

Número de socios da AGPTI: 127

ANTECEDENTES: XORNADAS DE BARCELONA, 2012

As Xornadas de Barcelona celebráronse en colaboración coa Associació Professional de Traductors i Intèrprets de Catalunya (<http://www.aptic.cat/tradmed2012>) e co Programa de Posgrado de Tradución Biomédica e Ciencias da Saúde do IDEC-Pompeu Fabra (<http://www.idec.upf.edu/programa-de-postgrado-de-traduccion-biomedica-y-ciencias-de-la-salud>) e tiveron un éxito rotundo, xa que se rozou o cheo absoluto nun auditorio con capacidade para 200 persoas. O programa pódese consultar aquí:

http://www.tremedica.org/jornadas-conferencias/Barcelona2012/PROGRAMA_JornadasTremedica-APTIC_ResumenesPonencias.pdf.

Para non abundar na información dispoñible na *web*, deixámoslles algunhas das recensións que se escribiron:

- Nova do IDEC-Pompeu Fabra:
<http://www.idec.upf.edu/es/secciones/idec/noticias.php?id=1044>.
- Recensión dun dos asistentes e patrocinadores de Tremédica:
http://blog.invivoproyectos.com/2012/09/jornadas_cientificas_profesionales_traducion_medica/.
- Recensión de Maya Busqué, coordinadora das xornadas pola parte da APTIC, na revista *Terminalia*: http://revistes.iec.cat/index.php/Terminalia/article/view/65808/pdf_377.
- Recensión de María Teresa Miret na revista *Panacea@*:
http://www.tremedica.org/panacea/IndiceGeneral/n36-congresos_MTMiretMestre.pdf.
- Recensión de Maya Busqué na revista *Panacea@*:
http://www.tremedica.org/panacea/IndiceGeneral/n36-congresos_MBusqueVallespi.pdf.
- Recensión de Inés María Campillo Pazos, unha das asistentes ás xornadas:
<http://noolvidestraducir.blogspot.com.es/2012/09/si-eres-un-zoon-politikon.html>.

As xornadas de Tremédica adoitan celebrarse tanto no territorio español como en Latinoamérica e os EUA, normalmente en colaboración con outras entidades, e están a se converter en todo un referente internacional no ámbito dos actos especializados na tradución biomédica desde ou para o castelán; o seu obxectivo é eminentemente práctico e están dirixidas sobre todo aos profesionais interesados ou que traballan neste sector da tradución profesional, inda que tamén pode tirar moito proveito o alumnado das últimas etapas de Tradución e Interpretación, o de formación biomédica interesado na tradución e o de cursos, mestrados ou posgraos especializados en tradución biomédica. Poden consultar as edicións anteriores nesta ligazón: <http://www.tremedica.org/jornadas-conferencias/index.html>. Na edición de Barcelona a novidade foi a colaboración interasociativa, xa que as xornadas se coorganizaron canda a APTIC, e tiveron tanto éxito que nesta ocasión —para a cal procuramos patrocinadores porque as xornadas son unha actividade sen ánimo de lucro e debemos cubrir todos os gastos asociados posibles— a AGPTI se ofreceu xenerosamente a colaborar con Tremédica para achegar as xornadas a Galicia.

TIPO DE PATROCINADORES:

1. PATROCINADOR DE PLATINO: 1000 €

- Colocar o seu logotipo en material das xornadas co mesmo tamaño ca o logotipo da AGPTI e Tremédica nun lugar igual de prominente.
- Vínculos nas webs das xornadas ao pinchar no seu logo que leven a súa páxina.
- Breve charla (simposio satélite) de presentación durante pausas café, horario de comida ou nun horario acordado.
- Posto informativo ao lado da secretaría das xornadas ou punto de venda. Posibilidade de que o persoal do patrocinador entregue folleto publicitario na porta de entrada na sala.

- Folletos de patrocinadores entre o material das xornadas ou outro obxecto que o patrocinador queira.
- Visualización dos logos nos momentos en que a pantalla estea en branco, xunto cos logos da AGPTI e Tremédica.
- Cintas de acreditación ou carnés co logo do patrocinador
- Mención dos patrocinadores na memoria das xornadas (se a hai) e agradecemento no discurso inaugural ou de clausura como patrocinador principal das xornadas.
- 2 inscricións ás xornadas gratuítas.

2. PATROCINADOR DE OURO: 500 €

- Colocar o seu logotipo no material das xornadas nun lugar menos destacado e cun tamaño menor.
- Vínculos nas webs das xornadas ao pinchar no seu logo que leven á súa páxina. Folletos de patrocinadores entre o material das xornadas ou outro obxecto que o patrocinador queira.
- Mención dos patrocinadores na memoria das xornadas (se a hai) e agradecemento no discurso inaugural ou de clausura como patrocinador das xornadas.
- 1 inscrición ás xornadas gratuíta.

3. PATROCINADOR DE PRATA: 300 €

- Colocar o seu logotipo no material das xornadas nun lugar menos destacado e cun tamaño menor.
- Algún obxecto que o patrocinador queira engadir entre o material das xornadas.
- Mención dos patrocinadores na memoria das xornadas (se a hai) e agradecemento no discurso inaugural ou de clausura como patrocinador das xornadas.

Tamén se aceptan achegas non dinerarias (libros, licenzas de programas informáticos, carpetas, bolígrafos...). Neste caso, o Comité organizador comunicará ao patrocinador a categoría na que iría incluído en función da súa achega.